

ESCOLAS DEPORTIVAS



MUNICIPAIS



CURSO 2023 - 2024



**-NORMATIVA DE
MATRICULACIÓN-
BONO DEPORTE-
-TARIFAS-**



FENE
DEPORTES

ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

CURSO 2023/2024

NORMATIVA XERAL DE MATRICULACIÓN

LUGAR E DATAS DE MATRICULACIÓN

INSCRICIÓN E INFORMACIÓN:

- LUGAR: Nas dependencias administrativas do Pavillón polideportivo da Xunqueira (San Valentín)
- **Solicitar CITA PREVIA** para realizar a inscrición:
 - **Residentes e escolarizados/as en Fene: Días 4 e 5 de de setembro** de 9:00 a 13:30 horas
 - **Poboación en xeral: 6 e 7 de setembro.** De 9:00 a 13:30horas

A cita solicitarase nos teléfonos: 981 492 804 / 607 626 812

- **INSCRICION PRESENCIAL** Do 8 ao 21 de setembro. A inscrición realizarase o día e á hora asignado con anterioridade

Cada persoa poderá inscribir presencialmente aos membros da súa unidade familiar e a outra persoa máis

HORARIOS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO NO PAVILLÓN “A XUNQUEIRA”

- De luns a venres: De 9:00 a 13:30 horas
- Os mércores tamén en horario de tarde de 16:00 a 19:00 horas.

Durante o curso só se admitirán novas matriculacións sempre que existan prazas libres ou se produzan baixas na escola en cuestión e as altas non interfiran o normal funcionamento do grupo de traballo.

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR PARA ESCOLAS E OBRADOIROS

Persoas que estiveron matriculadas nas Escolas municipais en cursos anteriores dende o ano 2010:

- Carné do ano anterior
- Para quen domicilie:
 - Asinar a orde de domiciliación bancaria que lles facilitará a persoa encargada da matriculación.

Novas matriculacións:

- Fotocopia do caderno da Seguridade Social ou tarxeta sanitaria.
- Fotocopia do DNI ou libro de familia
- Unha fotografía tamaño carné
- Para quen domicilie:
 - Asinar a orde de domiciliación bancaria que lles facilitará a persoa encargada da matriculación.
 - Achegar calquera recibo do banco ou outro semellante no que consten todos os dígitos da conta.

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR PARA MATRICULACIÓNS NOS CURSIÑOS

Cubrir a ficha que lles facilitará a persoa encargada da matriculación. Unha vez confirmada a praza, efectuar o pagamento do recibo.

TARIFAS E PREZOS

ESCOLAS DEPORTIVAS

Do Pavillón “A Xunqueira” e da Piscina municipal de Centieiras de seco (pilates).

Concepto	Categorías	Total €
Escola deportiva + sauna (1,5 horas cada semana, durante 1 mes)	Menores	5,45
	Adultos	13,05
	Maiores de 65 anos	10,45
Escola deportiva + sauna (2 horas cada semana, durante 1 mes)	Menores	7,35
	Adultos	17,40
	Maiores de 65 anos	13,90
Escola deportiva + sauna (3 horas cada semana, durante 1 mes)	Menores	10,90
	Adultos	26,10
	Maiores de 65 anos	20,90
Escola deportiva + sauna (4 horas cada semana, durante 1 mes)	Menores	14,7
	Adultos	34,8

	Maiores de 65 anos	27,85
Escola deportiva + sauna (6 h cada semana, durante 1 mes)	Menores	21,85
	Adultos	52,25
	Maiores de 65 anos	41,85

Da piscina municipal de Centeiras (de auga)

Concepto	Categorías	Total (€)
Escola de natación (1 sesión cada semana, Durante 1 mes)	Menores	7,65
	Adultos	11,50
	Maiores de 65 anos	9,20
	Especiais*(Bebés,Embarazadas,Terapéutica)	12,55
	Especiais Maiores de 65 anos (Terapeutica)	10,05
Escola de natación (2 sesións cada semana,durante 1 mes)	Menores	15,30
	Adultos	22,95
	Maiores de 65 anos	18,35
	Especiais (Bebés,Embarazadas,Terapéutica)	25,05
	Especiais Maiores de 65 anos (Terapéutica)	20,05
Escola de natación (3 sesións cada semana, durante 1 mes)	Menores	22,95
	Adultos	34,50
	Maiores de 65 anos	27,60
	Especiais (Bebés,Embarazadas,Terapéutica)	37,60
	Especiais Maiores de 65 anos (Terapéutica)	30,10

--	--	--

*As escolas especiais (B, E, T) refírense ás escolas de Natación para bebés, natación para embarazadas e natación terapéutica, teñen un custo máis elevado xa que a ratio de alumnos por monitor é menor que no resto das escolas por necesitar atención máis personalizada.

ENTRADA Á INSTALACIÓN E BONOS:

Concepto	Categorías	Total (€)
Entrada á instalación	Menores	2,20
	Adultos	3,25
	Maiores de 65 anos	2,60
Bono deporte 8 sesións	Menores	13,90
	Adultos	20,85
	Maiores de 65 anos	16,65
Bono deporte 24 sesións	Menores	36,60
	Adultos	54,80
	Maiores de 65 anos	46,30
Bono deporte 48 sesións	Menores	62,65
	Adultos	94,00
	Maiores de 65 anos	75,25
Bono deporte 96 sesións	Menores	94,00
	Adultos	141,05
	Maiores de 65 anos	112,80

Bono deporte 32 sesións	Familiar	60,90
Alugueiro de rúas en exclusiva (1 sesión: 45´)	Adultos/senior	16,30
	Cat. Base	9,80

Escolas noutras instalacións

Concepto	Categorías	Total
Resto de escolas deportivas: 1,5 h cada semana, (3 cotas ao ano)	Menores	12,05
	Adultos	29,00
	Maiores de 65 anos	23,15
Resto de escolas deportivas: 2 h cada semana, (3 cotas ao ano)	Menores	16,00
	Adultos	38,60
	Maiores de 65 anos	30,90
Resto de escolas deportivas: 3 h cada semana, (3 cotas ao ano)	Menores	24,10
	Adultos	58,00
	Maiores de 65 anos	46,40

Nota: todas as tarifas e prezos aquí expostos son os que están en vigor actualmente (a 25 de agosto de 2023). Estas tarifas poden sufrir modificacións durante o curso no caso de que haxa cambio na Ordenanza fiscal Nº 2, reguladora dos prezos pola prestación de servizos deportivos e culturais municipais.

ABONO FAMILIAR

O **abono familiar** é unha modalidade de pagamento destinada a incentivar a participación dos membros da unidade familiar nas escolas municipais así como na adquisición do bono deporte.

Terá a consideración de abonado familiar o pai, nai, titor ou titora, empadroado no concello de Fene, que poderá incluír no seu abono ao cónxuxe e fillos menores de 18 anos, ou maiores en situación de paro sempre nun número mínimo de dous membros (pai, nai, titor/a e fillo/a) e/ou actividades municipais.

As cotas para os abonados familiares hanse determinar aplicando unha **redución do 20% da cota a partir da segunda actividade/ escola na que se matricule ou a partir do segundo membro da unidade familiar que o faga**. A redución do 20% non se aplicará á actividade que teña a tarifa máis elevada de entre as que se matriculen os membros da unidade familiar.

No suposto de baixa na actividade con carácter previo á prestación da mesma, procederá a devolución das cotas pagadas, previa solicitude do suxeito pasivo e informe do Departamento de Deportes. Deberase achegar, para o efecto, a documentación xustificativa (xustificante de pagamento e designación de conta bancaria).

No caso de que por motivos excepcionais sexa necesario interromper o normal funcionamento das escolas ou cursos, poderase acordar o rateo da cota a aplicar no período impositivo afectado.

RENOVACIÓNS, ALTAS E BAIXAS UNHA VEZ COMEZADO O CURSO

Durante o curso só se admitirán novas matriculacións sempre que haxa prazas libres ou se produzan baixas na escola en cuestión e as altas non interfiran o normal funcionamento do grupo de traballo. No caso de que procedan as altas, o número de novas matriculacións será igual ao de baixas na actividade.

Renovacións e altas nas Escolas Deportivas do Pavillón da Xunqueira e da piscina de Centieiras:

- Haberá dúas modalidades de **pagamento-renovación** da actividade:
 1. Renovación trimestral mediante pagamento do recibo domiciliado a través dunha entidade bancaria. A devolución do recibo pode conlevar a baixa na escola.
 2. Renovación mensual, por anticipado, do 13 ao 26 de cada mes, a través de ingreso en conta; logo da recollida dos recibos nas instalacións onde se realizan as actividades.

Altas nas Escolas Deportivas noutras Instalacións:

- As altas ou novas matriculacións hanse tramitar nas dependencias administrativas do Pavillón “A Xunqueira” de San Valentín de luns a venres na **derradeira semana de cada mes**.

Baixas

- As baixas hanse tramitar segundo o establecido na Ordenanza fiscal nº 2 do Concello de Fene.
 - Os usuarios que opten polo pagamento mensual: efectuarán a baixa se non renovan o seguinte mes (“baixa de oficio”), ou comunicando a mesma nas dependencias administrativas do pavillón “A Xunqueira”.
 - Os usuarios que opten polo pagamento trimestral: tramitarán a baixa mediante escrito de baixa presentado a través do Rexistro Municipal (1º andar da Casa do Concello ou telemático), **ANTES DAS DATAS DE COMEZO DE CADA TRIMESTRE (1 de outubro, 1 de xaneiro e 1 de abril)**. Estas datas están sinaladas tamén na orde de domiciliación asinada polos/as usuarios/as.
- **A non utilización por máis dun 40% da sesión mensual na escola deportiva, levará consigo o pase do usuario ao final da lista de espera da citada actividade.** Non se inclúen os usuarios que por accidentes sufridos nas instalacións ou por outras causas xustificadas non poidan acudir às actividades correspondentes, prevíndose soamente nestes casos a reserva de praza na actividade e a non aplicación do prezo público mentres dure a baixa.

DURACIÓN DO CURSO

ESCOLAS DEPORTIVAS

- **ESCOLAS DA PISCINA MUNICIPAL, DO PAVILLÓN DA XUNQUEIRA E DO XIMNASIO DA CASA DA CULTURA:**
 - **ESCOLAS DE MENORES: Do 1 de outubro de 2023 ata o 22 de xuño de 2024.**
 - Estas escolas interrompirán o seu funcionamento.
 - x A última semana de decembro de 2023 (do 25 ao 30 de decembro, ambos inclusive) - Nadal
 - x A primeira semana de xaneiro de 2024 (do 1 ao 6 de xaneiro, ambos inclusive) – Nadal
 - x A semana de Semana Santa (do 25 ao 30 de marzo, ambos inclusive)
 - x Os días festivos

- **ESCOLAS DE ADULTOS: Do 1 de outubro de 2023 ata o 30 de xuño de 2024.**
 - Estas escolas interromperán o seu funcionamento os días festivos

OBRADOIROS DEPORTIVOS

- A duración será a establecida para cada obradoiro/actividade.

ESCOLAS DEPORTIVAS DO PAVILLÓN “A XUNQUEIRA” E DO PAVILLÓN “O RAMO”

ESCOLA	ANO DE NACEMENTO	DÍAS	HORARIO	HORAS/ SEMANA	PAZAS LIBRES
TIRO CON ARCO para adultos e menores (nova)	Adultos e menores nacidos en 2017 e anteriores	Luns	17:00 a 19:00 h	2	20
BALONMÁN (nova)	2015 e anteriores	Martes e Venres	17:00 a 18:00 h	2	12
XADREZ para adultos e menores (nova)	2020 a 2011	Mércores	17:00 a 18:30	1,5	10
	2010 e anteriores	Mércores	18:30 a 20:00	1,5	10
ATLETISMO INICIACION Con clases tamén nas Pistas de atletismo do Pazo.	2018 e anteriores	Luns e mércores (Pav. O Ramo – Pistas atletismo)	17:30 a 18:30	2 h/s	12
ATLETISMO PERFECCIONAMENTO Con clases tamén nas Pistas de atletismo do Pazo.	2017 e anteriores	Luns mércores e venres (Pav. O Ramo – Pistas atletismo)	17:30 a 18:30	3 h/s	8
PEQUEDEPORTE 2 (DEPORTES VARIADOS)	2016 a 2020	Martes e xoves	16:00 a 17:00 h	2 h/s	6

INICIACIÓN BALONCESTO	2017 e anteriores	Mércores e Venres	17:00-18:00 h	2 h/s	3
XIMNASIA RÍTMICA Iniciación 1	2016 a 2019	Luns e venres	16:00 a 17:00 h	2 h/s	4
XIMNASIA RÍTMICA Iniciación 2	2017 e anteriores	Luns e venres	17:00 a 18:00 h	2 h/s	1
BAILE MODERNO	B.M. 1 - 2017 a 2020	Luns e mércores	16:00 a 17:00 h.	2 h/s	5
	B.M. 2 - 2015 e anteriores	Luns e mércores	17:00 a 18:00 h.	2 h/s	0
PATINAXE	INICIACIÓN 1 2020 e anteriores	Martes e Xoves	16:00 a 17:00 h	2 h/s	10
	AVANZADO 2018 e anteriores (con experiencia en Iniciación 2)	Martes e Xoves	17:00 a 18:00	2 h/s	0
	INICIACIÓN 2 2019 e anteriores (con experiencia en Iniciación 1)	Martes e Xoves	18:00 a 19:00 h	2 h/s	8
ZUMBA 1	2009 e anteriores	Luns e Mércores	20:00 a 21:00 h	2 h/s	8
ZUMBA 2	2009 e anteriores	Martes e xoves	19:00 a 20:00	2 h/s	3
PILATES	P 1 -2007 e anteriores	Martes e xoves	10:00-11:00 h	2 h/s	0
	P 2 - 2007 e anteriores	Luns e venres	19:00-20:00 h	2 h/s	0
	P 3 - 2007 e anteriores	Martes e xoves	9:00 a 10:00	2 h/s	0
	P 4 -2007 e anteriores	Luns mércores	18:00 (luns) 19:00(mérc)	2 h/s	0

	P7 - 2007 e anteriores	Martes e Xoves	18:00 a 19:00 h	2 h/s	1
ACONDICIONAMENTO FÍSICO FUNCIONAL	1. Todas	Martes, Xoves e Venres	9:00 a 10:00 h	3 h/s	2
	2. Todas	Martes, Xoves e Venres	10:00 a 11:00 h	3 h/s	2
	3. Todas	Luns, Mércores e Xoves	10:00 a 11:00 h	3 h/s	2
	4. Todas	Luns, Mércores e xoves	9:00 a 10:00 h	3 h/s	1
ACONDICIONAM. FISICO FUNCIONAL (2/3) CON NATACIÓN TERAPÉUTICA (1/3)	Todas	2 días a escoller entre os de Acondic. físico Funcional	9:00 a 10:00 h		
			10:00 a 11:00 h		
		Mércores Natación	9:00 a 9.45 h		
			9:45 a 10:30 h.		

ESCOLAS DEPORTIVAS NOUTRAS INSTALACIÓNS

ESCOLA	IDADE	DÍAS	HORARIO	LUGAR	HORAS/ SEMANA	Nº PRAZAS
JUDO 1	De 4 anos en diante	Luns e Mércores	17:30 - 18.30 h	Ximnasio Casa da Cultura	2 h/s	6
JUDO 2	Tódalas idades (con experiencia previa)	Luns, Mércores e venres	18.30- 19.30 h	Ximnasio Casa da Cultura	3 h/s	3
KARATE Iniciación	De 4 anos en diante	Martes e Xoves	16:15- 17:15 h	Ximnasio Casa da Cultura	2 h/s	9
KARATE 2 Perfeccioname	Tódalas idades	Martes e Xoves	17:15 a 18:45 h	Ximnasio Casa da	3 h/s	6

nto	(con experiencia previa)			Cultura		
PILATES	P5- 2007 e anteriores	Luns e Mércores	9:00 a 10:00	Piscina de Centieiras	2 h/s	0
	P6- 2007 e anteriores	Luns e Mércores	10:00 a 11:00	Piscina de Centieiras	2 h/s	0
	P8- 2007 e anteriores	Venres	9:30 a 11:00	Piscina de Centieiras	1,5 h/s	1

ESCOLAS DE NATACIÓN
PISCINA MUNICIPAL DE CENTIEIRAS

NATACIÓN DE BEBES: 6 meses a 3 anos			
ESCOLA	DIAS	HORA	PRAZAS LIBRES
NAT. DE BEBES 1	Sábado	11:30 a 12:15	1
NAT. DE BEBES 2	Sábado	12:15 a 13:00	0
NAT. DE BEBES 3	Sábado	10:45: a 11:30	6

NATACIÓN 1ª INFANCIA: de 3 a 5 anos			
ESCOLA	DIAS	HORA	PRAZAS LIBRES
NAT. 1ª INFANCIA 1	Sábado	11:30 a 12:15	2
NAT. 1ª INFANCIA 2	Sábado	12:15 a 13:00	4
NAT. 1ª INFANCIA 3	Martes	16:00 a 16:45	2
NAT. 1ª INFANCIA 5	Mércores	16:45 a 17:30	5
NAT. 1ª INFANCIA 6	Sábado	10:45 a 11:30	1
NAT. 1ª INFANCIA 8	Mércores	17:30 a 18:15	3
NAT. 1ª INFANCIA 9	Luns	16:00 a 16:45	2
NAT. 1ª INFANCIA 10	Venres	16:00 a 16:45	4
NAT. 1ª INFANCIA 11	Sábado	10:00 a 10:45	8
NAT. 1ª INFANCIA 14	Martes	16:45 a 17:30	6
NAT. 1ª INFANCIA 15	Martes	17:30 a 18:15	2
NAT. 1ª INFANCIA 16	Venres	16:45 a 17:30	1
NAT. 1ª INFANCIA 17	Xoves	16:00 a 16:45	3

INICIACIÓN INFANTIL - De 6 a 12 anos			
ESCOLA	DIAS	HORA	PRAZAS LIBRES
INI. INFANTIL 1	Luns	17:30: a 18:15	1
INI. INFANTIL 2	Martes	17:30: a 18:15	1
INI. INFANTIL 3	Martes	16:45 a 17:00	0
INI. INFANTIL 4	Luns	17:30 a 18:15	2
INI. INFANTIL 5	Martes	18:15 a 19:00	5
INI. INFANTIL 6	Mércores	16:45 a 17:30	0
INI. INFANTIL 7	Mércores	18.15 a 19:00	1
INI. INFANTIL 8	Mércores	17:30 a 18:15	0
INI. INFANTIL 9	Luns	18.15 a 19:00	0
INI. INFANTIL 10	Xoves	16:45 a 17:30	0
INI. INFANTIL 11	Martes	16:00 a 16:45	0
INI. INFANTIL 12	Luns	16:00 a 16:45	0
INI. INFANTIL 14	Mércoes	16:00 a 16:45	5
INI. INFANTIL 15	Xoves	16:45 a 17:30	0
INI. INFANTIL 16	Xoves	17:30 a 18:15	0
INI. INFANTIL 17	Venres	17:30 a 18:15	0
INI. INFANTIL 18	Xoves	16:45 a 17:30	0
INI. INFANTIL 19	Xoves	18:15 a 19:00	4
INI. INFANTIL 20	Venres	16:00 a 16:45	0
INI. INFANTIL 21	Venres	18:15 a 19:00	0
INI. INFANTIL 22	Xoves	16:00 a 16:45	2
INI. INFANTIL 23	Luns	16.45 a 17:30	2
INI. INFANTIL 24	Venres	16:45 a 17:30	1

PERFECCIONAMENTO INFANTIL – De 6 a 12 anos			
ESCOLA	DIAS	HORA	PRAZAS LIBRES
PERF. INFANTIL 1	Luns	17:30 a 18:15	4
PERF. INFANTIL 2	Luns	18:15 a 19:00	6
PERF. INFANTIL 3	Martes	16:45 a 17:30	5
PERF. INFANTIL 4	Martes	17:30 a 18:15	3
PERF. INFANTIL 5	Mércores	16:45 a 17:30	0

PERF. INFANTIL 6	<i>Mércores</i>	<i>18:15 a 19:00</i>	0
PERF. INFANTIL 7	<i>Mércores</i>	<i>17:30 a 18:15</i>	0
PERF. INFANTIL 8	<i>Luns</i>	<i>16:45 a 17:30</i>	0
PERF. INFANTIL 9	<i>Xoves</i>	<i>17:30 a 18:15</i>	3
PERF. INFANTIL 12	<i>Venres</i>	<i>17:30 a 18:15</i>	1
PERF. INFANTIL 15	<i>Xoves</i>	<i>16:45 a 17:30</i>	2
PERF. INFANTIL 16	<i>Xoves</i>	<i>18:15 a 19:00</i>	3
PERF. INFANTIL 17	<i>Venres</i>	<i>16:45 a 17:30</i>	2
PERF. INFANTIL 18	<i>Martes</i>	<i>18:15 a 19:00</i>	4

NATAÇÃO XUVENIL – De 13 a 17 anos			
ESCOLA	DIAS	HORA	PRAZAS LIBRES
NATAC. XUVENIL 1	<i>Luns</i>	<i>19:00 a 19:45</i>	3
NATAC. XUVENIL 2	<i>Venres.</i>	<i>19:00 a 19:45</i>	5

INICIACIÓN DE ADULTOS – De 18 anos en diante			
ESCOLA	DIAS	HORA	PRAZAS LIBRES
INI. ADULTOS 1	<i>Luns, mérc. e venres</i>	<i>10:30 a 11:15</i>	4
INI. ADULTOS 4	<i>Martes e xoves</i>	<i>19:45 a 20:30</i>	1
INI. ADULTOS 5	<i>Martes e xoves</i>	<i>20:30 a 21:15</i>	0

PERFECCIONAMENTO DE ADULTOS – De 18 anos en diante			
ESCOLA	DIAS	HORA	PRAZAS LIBRES
PERF. ADULTOS 2	<i>Martes e xoves</i>	<i>20:30 a 21:15</i>	4
PERF. ADULTOS 4	<i>Luns e mércores</i>	<i>19:45 a 20:30</i>	4
PERF. ADULTOS 5	<i>Martes e xoves</i>	<i>10:30 a 11:15</i>	5

NATAÇÃO 3ª IDADE – Persoas de 65 anos en diante			
ESCOLA	DIAS	HORA	PRAZAS LIBRES
NAT. 3ª IDADE 1	<i>Luns e venres .</i>	<i>10:30 a 11:15</i>	4
NAT. 3ª IDADE 2	<i>Martes e xoves</i>	<i>10:30 a 11:15</i>	1

--	--	--	--

NATACIÓN PARA EMBARAZADAS e NATACIÓN POSTPARTO – Tódalas idades

ESCOLA	DIAS	HORA	PRAZAS LIBRES
NAT. EMBARAZADAS E NATACIÓN POSTPARTO	<i>Martes e xoves</i>	<i>19:00 a 19:45</i>	7

NATACIÓN TERAPÉUTICA – Tódalas idades

ESCOLA	DIAS	HORA	PRAZAS LIBRES
NAT. TERAPÉUTICA 1	<i>Luns, mérc. e venres</i>	<i>9:45 a 10:30</i>	0
NAT. TERAPÉUTICA 2	<i>Martes e xoves</i>	<i>9:45 a 10:30</i>	3
NAT. TERAPÉUTICA 3	<i>Martes e xoves</i>	<i>19:45 a 20:30</i>	0
NAT. TERAPÉUTICA 4	<i>Luns, mérc. e venres</i>	<i>20:30 a 21:15</i>	0
NAT. TERAPÉUTICA 5	<i>Luns . e venres</i>	<i>19:45 a 20:30</i>	2
NAT. TERAPÉUTICA 6	<i>Luns . e venres</i>	<i>9:45 a 10:30</i>	4
NAT. TERAPÉUTICA 7	<i>Martes e xoves</i>	<i>19:00 a 19:45</i>	1
NAT. TERAPÉUTICA 8	<i>Luns . e venres</i>	<i>9:00 a 9:45</i>	0
NAT. TERAPÉUTICA COMBINADA CON ACONDICIONAMENTO FÍSICO FUNCIONAL			1

AQUAGYM – Maiores de 16 anos

ESCOLA	DIAS	HORA	PRAZAS LIBRES
AQUAGYM	<i>Mércores</i>	<i>10:30 a 11:15</i>	1

OBRADOIROS DEPORTIVOS

EDUCACIÓN FÍSICA CONTRA A FATIGA ONCOLÓXICA

GRUPOS	IDADES	DÍAS	HORAS	PRAZAS LIBRES
1	Todas	Luns e mércores	17:00 a 18:30	3
2	Todas	Martes e xoves	17:00 a 18:30	3
Duración do obradoiro: Do 1 de outubro ao 30 de xuño				
Cota bimensual de 15,40 €				

CONTIDO DA EDUCACIÓN FÍSICA CONTRA A FATIGA ONCOLÓXICA: Actividade ofertada polo Concello co obxectivo de **tratar de reducir na medida do posible a fatiga que acompaña ao cancro e aos seus tratamentos.**

Trátase dunha actividade de intensidade suave a moderada, que tratará de axustarse en tódolos casos ás características e posibilidades de cada persoa.

Baséase nos contidos propios da Educación Física, así como tamén exercicio cardiovascular, mobilidade articular, estiramientos, relaxación, respiración, forza a nivel funcional, equilibrio, coordinación, xogos,... empregando para tal fin os exercicios físicos e os métodos máis aconsellables.

O alumnado desta actividade pode matricularse tamén con algún acompañante aínda que non sufra os efectos do cancro nin do seu tratamento (sempre que haxa prazas dispoñibles).

DATAS DE INSCRICIÓN: As mesmas que para as asignadas para as escolas deportivas

PREZO: 15,70 €/bimensual (segundo a Ordenanza Fiscal nº 2) a ingresar **unha vez confirmada a praza.**

ALTAS DURANTE O CURSO: As altas ou novas matriculacións tramitaranse no Pavillón polideportivo da Xunqueira, de luns a venres na derradeira semana de cada mes, sempre e cando haxa baixas na actividade .

BONO DEPORTE

QUE É O BONO DEPORTE?

É un bono cuxa finalidade é a de achegar as instalacións deportivas municipais á poboación en xeral, procurando facilitar a práctica deportiva. En cada uso a persoa terá dereito á entrada ás instalacións deportivas municipais cubertas (piscina de Centieiras e pavillón A Xunqueira) e ao seu uso en actividades sen monitor ou co monitorado do ximnasio da piscina de Centieiras de acordo co seguinte réxime, sempre dependendo da dispoñibilidade da instalación a utilizar:

- **Pavillón polideportivo da Xunqueira:** utilización do ximnasio e sauna.
- **Piscina municipal de Centieiras:** baño libre, sauna (en horario de mañá e de luns a venres a partir das 19:00 horas) utilización do ximnasio (no que haberá un monitor a súa disposición 4 horas diarias de luns a venres a partir de outubro).

O bono regúlase polo número de usos, independentemente do tempo que tarden en rematarse, deste modo as persoas que non o esgotaran durante a tempada o poderán seguir utilizando durante a tempada seguinte previo pagamento da parte proporcional da actualización do custo do bono, se houbera cambio de tarifas na Ordenanza Fiscal aplicable.

A utilización de aparellos ximnásticos estará limitada para persoas maiores de idade ou menores (16 anos en diante) acompañados por adultos, que exercerán a supervisión dos mesmos. Os usuarios do ximnasio asinarán unha declaración responsable de que están en perfectas condicións físicas para a práctica da actividade a realizar nas instalacións deportivas municipais.

O Concello de Fene non se fará responsable das perdas ou extravíos dos bonos expedidos.

Onde o podes mercar?

Nas dependencias administrativas do pavillón A Xunqueira en xornada de mañá de 9:00 a 13:30 horas e os mércores pola tarde (agás en períodos vacacionais de Nadal e Semana Santa) en horario de 16:00 a 19:00 h.

Bonificacións e descontos

Os usuarios/as de Fene matriculados/as nas Escolas Deportivas Municipais que queiran complementar a actividade dirixida coa utilización libre, poderán acollerse, segundo a Ordenanza Fiscal en vigor, a unha bonificación dun 20 % sobre o prezo do bono.

Utilización do bono deporte na piscina municipal de Centieiras

- **Ximnasio:** Durante todo o horario de apertura da instalación.
- **Nado libre:** Segundo o planing de nado libre, cando haxa rúas libres e o aforo das mesmas o permita .
- **Sauna:**
 - De luns a venres:
 - Mañás durante todo o período de apertura
 - Tardes: de luns a venres a partir das 19:00 h.
 - Sábado:
 - Tarde de 17:00 a 20:00 h.
 - Domingo:
 - Mañás: de 10:00 a 13:00 h.

Cando se faga utilización de varios servizos no mesmo uso, a entrada no vaso da piscina terá que coincidir co horario establecido para nado libre, independentemente da hora de saída do vaso.

Utilización do bono deporte no pavillón da Xunqueira

- **Ximnasio musculación:**
 - Mañás.- de luns a venres de 11:00 a 13:30
 - Tardes.- de luns a venres de 16:00 a 22:00 h. agás os martes

UTILIZACIÓN DOS XIMNASIOS, VASO DA PISCINA E ZONAS COMÚNS

- O usuario/a atenderá as instrucións do persoal a cargo da instalación que lles indicará o vestiario e informará presencial ou telefonicamente a dispoñibilidade da zona a utilizar, ximnasio, sauna ou vaso.
- Sexa coidadoso cos aparellos de musculación, e faga bo uso do material, recollendo o mesmo unha vez utilizado, xa que despois de vostede haberá mais persoas que queiran facer uso del. No caso de maquinaria, deberá **desinfectala unha vez usada** co xel e o papel proporcionado polo concello para o seu uso posterior por outras persoas.
- **Utilización do vaso da piscina:** O uso do vaso da piscina farase atendendo as instrucións do "SOCORRISTA", a quen lle poderá solicitar o material preciso para facer a actividade desexada.
- Para entrar na zona de baño é obrigatorio o uso de gorro de baño, bañador e chanclas.

OBSERVACIÓNS XERAIS

1. Os datos recibidos serán empregados unicamente para fins relacionados co Concello de Fene e en todo momento respectarase o que sinala a lexislación vixente en materia de protección de datos.
2. As prazas hanse cubrir por rigorosa orde de inscrición.
3. **As actividades só se realizarán de cubrirse o 50 % do número de prazas ofertadas.**
4. As Escolas que entren en funcionamento no curso 2023 / 2024, en base á matriculación rexistrada, faranse públicas no taboleiro do pavillón polideportivo da Xunqueira e na páxina web: <http://www.fene.gal> o día 26 de setembro.
5. **A non utilización ou asistencia por máis dun 40% da sesión mensual na escola deportiva, levará consigo o pase do usuario ao final da lista de espera da citada actividade.** Non se inclúen os usuarios que por accidentes sufridos nas instalacións ou por outras causas xustificadas non poidan acudir ás actividades correspondentes, prevíndose soamente nestes casos a reserva de praza na actividade e a non aplicación do prezo público mentres dure a baixa.
6. A incorporación do alumnado ás Escolas Deportivas producirase a partir do 1 de outubro (escolas/obradoiros deportivos), no día da semana, hora e instalación fixada para cada escola ou obradoiro.
7. O Departamento de Deportes poderá modificar; por razóns técnicas, sanitarias e organizativas, os horarios, instalacións, monitorado, quenda, etc, que se consideren necesarias. Estas modificacións tamén poderán realizarse ao longo do curso.
8. Aquelas persoas que opten polo baño libre, poderán combinar esta actividade co **uso dos aparellos do ximnasio da piscina**, para realizar táboas de exercicios sen monitor ou orientados polo monitor do ximnasio da piscina presente 4 h/día de luns a venres. Os aparellos deberán ser desinfectados despois de cada uso.

9. No caso de que nunha Escola non haxa matrícula de abondo como para que entre en funcionamento, as persoas interesadas poderán trasladar a súa inscrición para outra escola, da mesma ou de diferente modalidade na que haxa prazas libres.

10. **O seguro para os/as usuarios** das Escolas é de responsabilidade civil (póliza xeral do concello).

11. No caso de que a Concellería de Deportes detecte falsidade nos datos proporcionados polo/a solicitante, o/a alumno/a causará baixa automaticamente, sen dereito a devolución das taxas públicas pagadas.

12. O/A alumno/a e no seu caso o seu titor/a fará constar que non padece ningunha enfermidade que o/a incapacite para a práctica da actividade deportiva, e que ten realizado o oportuno recoñecemento médico. **No caso de padecer unha minusvalía ou outros datos relevantes que poidan incidir na práctica deportiva, deberá comunicalo e se fose o caso, achegar un informe médico xunto coa documentación da inscrición.**

13. O recibo do pagamento ou o carné será o documento obrigatorio de presentación para a entrada nas instalacións municipais para a asistencia aos cursos.

14. Calquera **notificación** do Departamento de Deportes: vacacións, suspensión de clases, renovacións,... realizarase a través da páxina web do Concello de Fene: www.fene.gal e taboleiros de anuncios dos centros deportivos municipais.

15. Calquera dúbida con respecto ás escolas municipais poderá consultarse nos teléfonos das dependencias administrativas: 981 340 366 / 607 615 962 (Cultura e Deportes) – 607.626.812 (Pavillón da Xunqueira, en San Valentín). Tamén poderá descargarse dende a páxina web www.fene.gal e dende o enlace “**Web.deporxest**” poderase atopar información máis detallada sobre as características dos cursos e escolas, así como sobre o uso de determinadas instalacións.

16. A matrícula en calquera das actividades municipais promovidas no curso 2023/ 2024 supón a aceptación desta normativa.

ORGANIZA:

Concello de Fene. Concellería de Deportes.